

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 1 de febreiro de 2021 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación das actas correspondentes á sesión ordinaria do 21 de decembro de 2020 e á sesión extraordinaria do 27 de xaneiro de 2021.
- \* Aprobación da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2021/22.
- \* Aprobación do calendario e o procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2022/2023.
- \* Aprobación dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2021/22.
- \* Aprobación do teito de horas destinadas a actividades de xestión e apoio nos centros/campus para o curso 2021/22.
- \* Aprobación da convocatoria de selección de áreas de coñecemento para a convocatoria das prazas correspondentes ao 15% reservado para persoal investigador nas ofertas de emprego público (OEP) de 2018 e 2020 da Universidade de Vigo.
- \* Aprobación de modificación das medidas relativas as Condicións de Traballo do PDI para o curso 2020/21 na Universidade de Vigo.
- \* Aprobación da normativa de uso e funcionamento así como da política de privacidade da Comunidade Alumni-UVigo.
- \* Acordo sobre a consideración de “membro da comunidade universitaria” ou de “persoa vencellada” á mesma, en relación coas actividades de extensión universitaria.
- \* Aprobación da composición e das funcións da comisión de seguimento do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo.
- \* Aprobación do regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
- \* Elección de representante de estudantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado:
  - Tamara Fernández Arias.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.